

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 14.03.2019      Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 47163 (10/CPC-000100)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, por petición propia, para facer un balance sobre as medidas do sistema integrado de atención á cidadanía

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 42402 (10/POC-006633)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a valoración da multa da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) a once empresas do sector da informática por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións e os contratos, concepto e cantidades que a Xunta de Galicia puidera ter asinado con elas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019*
- 2.2 44678 (10/POC-007148)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis  
Sobre as canles empregadas pola consellaría competente na materia para dar a coñecer, para explicar e para divulgar entre os empregados e políticos dos concellos galegos o disposto no artigo 5 da Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*
- 2.3 45603 (10/POC-007284)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da efectividade dos dispositivos de control telemático e do teléfono de atención ás vítimas 016 na loita contra o maltrato, a súa posibilidade de mellora e o incremento



previsto nos Orzamentos do Estado do ano 2019 para este fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*

- 2.4      45633 (10/POC-007290)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a axenda e as prioridades do Goberno galego para a negociación da transferencia de competencias, así como as demandas realizadas ao Goberno central ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.5      45982 (10/POC-007338)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen  
Sobre os datos referidos á viaxe institucional do presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América, prevista inicialmente entre o 4 e o 9 de febreiro de 2019, así como ao adianto do seu regreso e ao cumprimento dos seus obxectivos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

César Manuel Fernández Gil  
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 06/03/2019 17:13:35



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 06/03/2019 17:21:27**  
**Nº Rexistro: 14428**  
Data envío: 06/03/2019 17:21:27.602

CSV: mfiGRtB08  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| Presidente                     |   |
| César Manuel Fernández Gil     | P |
| Vicepresidenta                 |   |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| Secretaria                     |   |
| Patricia Vilán Lorenzo         | S |

## **Vogais**

|                             |     |
|-----------------------------|-----|
| Xosé Luís Bará Torres       | BNG |
| Juan Manuel Díaz Villoslada | S   |
| Jacobo Moreira Ferro        | P   |
| Antonio Mouriño Villar      | P   |
| María Isabel Novo Fariña    | P   |
| José Alberto Pazos Couñago  | P   |
| Paula Prado del Río         | P   |
| Carmen Santos Queiruga      | EM  |
| Luis Villares Naveira       | EM  |

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**


**Día: 14.03.2019                      Hora: 10:30**

**Orde do día**



1.1      47163(10/CPC-000100)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa,  
por petición propia, para facer un balance sobre as medidas  
do sistema integrado de atención á cidadanía



galicia



Solicítelle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa **"para facer un balance sobre as medidas do sistema integrado de atención á cidadanía"**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA SERRÁNOS ALVAREZ BLANCA  
Data e hora: 01/03/2019 11:46:57

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 42402(10/POC-006633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da multa da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) a once empresas do sector da informática por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións e os contratos, concepto e cantidades que a Xunta de Galicia puidera ter asinado con elas

*Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2019 12:01:19**  
**Nº Rexistro: 42402**  
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia fixo público o pasado 1 de agosto de 2018 a imposición dunha multa de 29,9 millóns de euros a 11 empresas por crear un cártel no subministro de servizos de informática e xestión de datos ás administracións públicas. Segundo a CNMC a trama empresarial repartiu clientes, pactou os prezos e as condicións comerciais e intercambiou información comercial sensíbel para encarecer a contratación pública.

As empresas sancionadas e as multas son as seguintes:

- Indra Sistemas SA: 13,5 millóns de euros
- SAG (Software AG) España SA: 6 millóns de euros
- Atos Spain SA: 5 millóns de euros
- Connectis ICT Services SA.: 1,8 millóns de euros
- IBM (International Business Machines) SA: 940.000 euros
- Everis Spain SL: 800.000 euros





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2019 12:01:19**  
**Nº Rexistro: 42402**  
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

- Babel Sistemas de Información SL: 633.917 euros
- Cibernos Consulting SA: 616.038 euros
- Gesein SL: 320.969 euros
- Accenture SL y Accenture Outsourcing Services SA: 300.000 euros
- Next Computer Services SA: 46.760 euros

Varias destas empresas son adxudicatarias de contratos da administración autonómica. Algunhas delas teñen unha relación intensa coa Xunta de Galiza e os seus organismos, como é o caso de Indra ou Aversis, que recibiron nos últimos anos cantidades millonarias en contratos públicos.

No tocante á empresa Aversis, foi beneficiaria no ano 2017 de contratos por valor de máis de 4 millóns de euros, a maior parte deles con AMTEGA, Sergas e Innovación e Industria

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Como valora o goberno galego a multa da CNMC a 11 empresas do sector da informática e servizos de datos por actuar como un cártel no subministro de servizos ás administracións?

2. Cantas e cales destas empresas son contratistas da Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2019 12:01:19**  
**Nº Rexistro: 42402**  
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

3. Que contratos, con que concepto e cantidades asinou a Xunta de Galiza, ben directamente ou por medio de organismos, axencias e calquera outro tipo de entidades dependentes dela, con estas empresas?

4. Cal é o total da facturación da Xunta de Galiza con Averis nos anos 2012-2018?

5. Cal é o total da facturación da Xunta de Galiza con Indra nos anos 2012-2018?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 12:00:31**

CSV REXISTRO: 03/01/2019 12:00:31  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 03/01/2019 12:01:19**

**Nº Rexistro: 42402**

Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

**María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 12:00:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 12:00:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 12:00:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 12:00:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 12:00:41**



CSV REXISTRO: 079EPZS1a-9

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2        44678(10/POC-007148)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre as canles empregadas pola consellaría competente na  
materia para dar a coñecer, para explicar e para divulgar  
entre os empregados e políticos dos concellos galegos o  
disposto no artigo 5 da Lei 10/2017, de espectáculos públicos  
e actividades recreativas de Galicia

*Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2019 13:35:23  
**Nº Rexistro: 44678**  
Data envío: 25/01/2019 13:35:23.301

### Á Mesa do Parlamento

**Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, introduce importantes novidades que poden afectar de xeito directo ou indirecto á Administración Local. Corresponde aos secretarios municipais, aos técnicos de urbanismo e ao persoal que tramita os correspondentes expedientes en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, coñecer e aplicar esta normativa e os cambios que se teñen producido como consecuencia da entrada en vigor da dita Lei.

Consonte o que dispón o artigo 5 da devandita norma legal corresponde aos concellos:

- a) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario.
- b) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coa apertura de establecementos abertos ao público.
- c) Adoptar as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento ordenado dos espectáculos públicos e das actividades recreativas da súa competencia, sen prexuízo das competencias estatais en materia de seguridade pública.
- d) Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos no título IV.
- e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas que non sexan competencia autonómica conforme o disposto no artigo 4.
- f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo os criterios os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-EgrRqBDI-6  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>







GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2019 13:35:23  
**Nº Rexistro: 44678**  
Data envío: 25/01/2019 13:35:23.301

- g) Engadir, dentro das súas competencias e sen prexuízo das que correspondan á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os requisitos, condicións ou límites para a apertura de establecementos públicos e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas no seo das súas ordenanzas municipais.
- h) Adoptar as medidas provisionais previas ao inicio do expediente sancionador nos supostos previstos no número 1 do artigo 28.

Na procura de facilitar as funcións dos operadores técnicos e xurídicos municipais, e ao mesmo tempo, que as persoas interesadas poidan acadar unha máis áxil resolución dos seus procedementos, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte pregunta oral en comisión:

- Cales foron as canles empregadas pola consellería competente en materia de espectáculos públicos, para dar a coñecer, explicar e divulgar esta normativa entre todo o colectivo de empregados e políticos dos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2019 13:30:39**

**Paula Prado Del Río na data 25/01/2019 13:30:54**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 25/01/2019 13:31:08**

**César Manuel Fernández Gil na data 25/01/2019 13:32:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 25/01/2019 13:32:07**

**María Isabel Novo Fariña na data 25/01/2019 13:32:18**

**Antonio Mouriño Villar na data 25/01/2019 13:34:08**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV REXISTRO EgnRqBDf6  
Verificado  
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:35:23**  
**Nº Rexistro: 44678**  
Data envío: 25/01/2019 13:35:23.301

**Diego Calvo Pouso na data 25/01/2019 13:34:18**



CSV REXISTRO EgnRqBDI6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 45603(10/POC-007284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da efectividade dos dispositivos de control telemático e do teléfono de atención ás vítimas 016 na loita contra o maltrato, a súa posibilidade de mellora e o incremento previsto nos Orzamentos do Estado do ano 2019 para este fin

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2019 12:22:40  
Nº Rexistro: 45603  
Data envío: 07/02/2019 12:22:40.579

### Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Os principais servizos de protección contra o maltrato que se poden impoñer en vía xudicial son os dispositivos de control telemático, completados polas chamadas ao 016. Son unha das formas efectivas de loita contra este gran problema social endémico.

En España hai 1 150 homes baixo vixilancia telemática por risco de maltrato ás súas parellas ou ex parellas. En Galicia, a 31 de decembro do pasado ano, había 38, a maioría na provincia de Pontevedra. O chamado sistema *Cometa* funciona a través de pulseiras de control, que levan tanto as vítimas como os seus agresores e que se activan se o agresor pasa o afastamento fixado por un órgano xudicial, xa sexa como medida cautelar ou xa sexa como parte da condena penal.

#### CHAMADAS AO 016

|       | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA | ESPAÑA |
|-------|----------|------|---------|------------|---------|--------|
| 2013  | 1.222    | 294  | 282     | 916        | 2.714   | 58.274 |
| 2014  | 903      | 412  | 281     | 1.305      | 2.901   | 68.651 |
| 2015  | 919      | 499  | 318     | 1.979      | 3.715   | 81.992 |
| 2016  | 1.691    | 396  | 422     | 1.524      | 4.033   | 85.318 |
| 2017  | 1.681    | 275  | 304     | 1.213      | 3.473   | 77.796 |
| 2018* | 1.398    | 254  | 311     | 1.094      | 3.057   | 73.454 |

\* a 31/12/2018

#### DISPOSITIVOS CONTROL TELEMÁTICO (activos)

|       | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA | ESPAÑA |
|-------|----------|------|---------|------------|---------|--------|
| 2013  | 8        | 5    | 1       | 8          | 22      | 726    |
| 2014  | 6        | 2    | 3       | 12         | 23      | 716    |
| 2015  | 7        | 0    | 2       | 13         | 22      | 797    |
| 2016  | 6        | 1    | 3       | 19         | 29      | 884    |
| 2017  | 11       | 3    | 2       | 18         | 34      | 1.019  |
| 2018* | 10       | 4    | 3       | 21         | 38      | 1.183  |

\* a 31/12/2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX: REXISTRO-63ADTYVO-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2019 12:22:40**  
**Nº Rexistro: 45603**  
Data envío: 07/02/2019 12:22:40.579

Mais o certo é que este sistema de protección contra o maltrato acordado polos tribunais de Xustiza ten moito que mellorar. Así, no caso das pulseiras, os traballadores denunciaron en 2018 que a tecnoloxía obsoleta provocaba máis dun 70 % de alertas falsas por fallos técnicos.

O Goberno do Estado leva meses traballando na súa mellora, co compromiso de revisar os pregos de condicións destes dous principais servizos contra o maltrato, e cos 7 millóns de euros previstos nos Orzamentos de 2019, pendentes de aprobación. Son 2,1 millóns máis que no exercicio anterior (un 42,9 % de incremento). A Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero dispón así da maior cantidade para este servizo dende a súa creación. Tamén prevén os Orzamentos unha suba do 14 % (ata 1,7 millóns de euros máis) no teléfono de atención ás vítimas 016, respecto do que os sindicatos denunciaron a situación precaria do cadro de persoal.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que unha das formas efectivas de loita contra o maltrato son os dispositivos de control telemático e o teléfono de atención ás vítimas 016?
2. É consciente o Goberno de que eses dispositivos de control telemático son susceptibles de mellora?
3. Comparte o Goberno que os 2,1 millóns de euros máis dos Orzamentos Xerais do Estado (un 42,9 % de incremento respecto do exercicio anterior) favorecería a loita contra o maltrato?
4. Comparte o Goberno que os 1,7 millóns de euros máis (unha suba do 14 %) para o teléfono de atención ás vítimas 016 favorecería a loita contra o maltrato?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2019 12:22:40**  
**Nº Rexistro: 45603**  
Data envío: 07/02/2019 12:22:40.579

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2019 12:21:00**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2019 12:21:07**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2019 12:21:11**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2019 12:21:16**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2019 12:21:22**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 45633(10/POC-007290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a axenda e as prioridades do Goberno galego para a negociación da transferencia de competencias, así como as demandas realizadas ao Goberno central ao respecto

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2019 13:29:57**  
**Nº Rexistro: 45633**  
Data envío: 07/02/2019 13:29:57.464

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

O pasado mes de xaneiro aprobouse por unanimidade, na Comisión 1ª do Parlamento galego, un acordo que instaba á Xunta de Galiza a demandar do gobernado a transferencia de competencias pendentes, así como as xa transferidas ou que se transfiran a outras comunidades. No espírito do acordo estaba a idea de que Galiza acadase un rango competencial equiparábel ao de Euskadi e Catalunya.

Cando aínda só pasaron dúas semanas daquel acordo, vemos con preocupación como o Partido Popular e a Xunta de Galiza se retractan daquel acordo, antepoñendo o seguidismo das consignas centralistas do PP madrileño antes que a defensa dos intereses galegos. En realidade isto non supón tampouco moita novidade, pois na última década a Xunta de Feixoo nin negociou nin conseguiu o traspaso de ningunha competencia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é a axenda de negociación de transferencias por parte do goberno galego?

Cales son as prioridades da Xunta de Galiza a este respecto?

CS14-REXISTRO-p7SRKV/n-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2019 13:29:57**  
**Nº Rexistro: 45633**  
Data envío: 07/02/2019 13:29:57.464

Que competencias considera necesario demandar e que demandas se trasladaron ao goberno do Estado?

Demandou o goberno da Xunta a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias?

Considera a Xunta de Galiza que sería beneficioso para Galiza acadar o mesmo nivel de competencias que Cataluña e Euskadi?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 13:28:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 13:28:36**

CSV REXISTRO-P7SRKvnt-5  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2019 13:29:57**  
**Nº Rexistro: 45633**  
Data envío: 07/02/2019 13:29:57.464

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 13:28:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 13:28:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 13:28:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 13:28:44**



CSV REXISTRO-p7SRKvln-5

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.03.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.5      45982(10/POC-007338)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre os datos referidos á viaxe institucional do presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América, prevista inicialmente entre o 4 e o 9 de febreiro de 2019, así como ao adianto do seu regreso e ao cumprimento dos seus obxectivos

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/02/2019 17:20:46  
**Nº Rexistro: 45982**  
Data envío: 11/02/2019 17:20:46.113



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, deputado e deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

O Presidente da Xunta de Galicia realizou unha viaxe institucional, prevista inicialmente desde o día 4 ata o día 9 de febreiro, aos Estados Unidos de América. Estas datas orixinalmente son as que recolleron os medios de comunicación e tal e como se recolle, a substitución polo Vicepresidente da Xunta, no Diario Oficial de Galicia nº 25, mediante o Decreto 6/2019, do 4 de febreiro, polo que se encarga o despacho de asuntos da Presidencia, durante a ausencia do seu titular, ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Nela, recóllese o día de ida máis non o de volta.

Esta viaxe, inicialmente prevista entre os días 4 e 9 de febreiro, adiantouse tal e como declarou o Presidente da Xunta para a asistencia a un acto de partido na vila de Madrid o día 9 de febreiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.-En canto estaba orzamentada a viaxe do Presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América?
- 2.- Que actividades estaban inicialmente previstas? A canto ascendían os gastos correspondentes a cada unha desas actividades e/ou actos?

CSM-REXISTRO-06YQ21HFH-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/02/2019 17:20:46  
Nº Rexistro: 45982  
Data envío: 11/02/2019 17:20:46.113



- 3.- Entre que datas estaba inicialmente prevista a viaxe?
4. Canto custou o adianto da viaxe de regreso?
5. Tiveron que suprimirse actos previstos por mor do avance na viaxe? A canto ascenderon os actos suprimidos, de supor algún custo a súa cancelación?
- 6.- Quen pagou o adianto da viaxe do Presidente da Xunta de Galicia?
- 7.- Considera a Xunta axeitado adiantar actos inicialmente programados como a sinatura dun convenio sobre o Camiño de Santiago e unha inauguración dunha exposición sobre a emigración galega no Instituto Cervantes, máxime cando se trataba dunha viaxe enmarcada na promoción do Xacobeo 2021?
- 8.- Considera a Xunta que cumpriu os seus obxectivos con esta viaxe de promoción do Xacobeo 2021, e nos que estaban entre outros enlazar unha viaxe directa de avión entre Miami e Santiago, a promoción do sector “Contract” e o do sector turístico a través dos cruceiros con escala nos portos galegos?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



CSV REXISTRO-08y02/KFr-0

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/02/2019 17:20:46**  
**Nº Rexistro: 45982**  
Data envío: 11/02/2019 17:20:46.113



**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 17:17:47**

**Carmen Santos Queiruga na data 11/02/2019 17:17:51**

**CSV REXISTRO-08y02-kFr-0**  
**Villares**  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

